

Os datos do paro de outubro danlle a razón a CCOO

■ A Xunta e o Goberno central deben cambiar as súas políticas en favor doutras que teñan no seu centro a creación de emprego

Os datos do paro rexistrado de outubro sinalan que hai 8.439 parados e paradas máis ca o mes anterior, o que supón un aumento do 3,25%, superior en 0,52 puntos á suba estatal. Este ascenso leva ligado un descenso da afiliación á seguridade social de 6.702 persoas.

A secretaria de Emprego de CCOO, Maica Bouza, afirma que o remate do período estival demostra que os descensos de meses anteriores «foron só estacionais», como tamén se conclúe da variación do desemprego respecto de outubro de 2011. Por esta razón, desde o sindicato esixen que a Xunta abandone os «inútiles» recortes e centre os esforzos no investimento produtivo para favorecer a recuperación económica, a comezar polos orzamentos autonómicos de 2013.



O paro na industria incrementouse o 0,95% no último mes

No mes de outubro había 267.812 persoas paradas (137.473 mulleres e 130.339 homes); os mozos e mozas menores de 25 anos en paro son 19.555 e representan o 7,30% do total. En comparación co mes anterior, o paro

medrou un 3,70% nos homes e un 2,83% nas mulleres (4.652 parados máis fronte a 3.787 paradas máis). Entre os menores de 25 anos, a caída do desemprego foi dun 0,60% (118 persoas paradas menos) e nos maiores de 25 anos aumentou

nun 3,57% (8.557 persoas paradas máis).

Análise por sectores

O paro aumentou en todos os sectores, agás no colectivo sen emprego anterior que baixa un 2,32% (549 parados e paradas menos). Os sectores en que máis sobe o paro son a agricultura (1.723 persoas paradas máis, o 25,12%) e os servizos (6.497 parados e paradas máis, un 4,36%). Na construción hai 425 persoas paradas máis e na industria 361, incrementos do 1% e 0,95%, respectivamente.

En comparación cos datos de outubro de 2011, incrementouse o desemprego na comunidade en case todas as ramas de actividade, especialmente nos servizos (22.996 persoas, o 17,42%) e na agricultura (2.139 persoas, que supoñen un 33,19%).

Comisións e Esquerda Unida, contra o desmantelamento do Estado do benestar

O pasado 5 de novembro tivo lugar na sede nacional de Comisións Obreiras unha xuntanza entre membros das comisións executivas do sindicato e de Esquerda Unida.

A Comisión Executiva Nacional de CCOO estivo representada polo secretario xeral, Xosé Manuel Sánchez Aguión, a secretaria de Emprego, Maica Bouza, o secretario de Acción Sindical, Daniel Costas, e o secretario de

Comunicación, Juan Martínez. A delegación de EU encabezouna a coordinadora nacional, Yolanda Díaz, que estivo acompañada por Carlos Portomeñe, Ramón Vázquez e Graciela Rojo.

Tras a reunión, Xosé Manuel Sánchez Aguión e Yolanda Díaz compareceron conxuntamente diante dos medios de comunicación para denunciar o desmantelamento do Estado do benestar a chamar a participar na folga



Un momento da xuntanza entre representantes das comisións executivas das dúas organizacións, na sede do Sindicato Nacional de CCOO